

## DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO (EXPTE IRC 11/2021): ADQUISICIÓN DE COCIÑA PARA PRAZA DE ABASTOS.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe total de 17.840,24 euros dentro do vixente orzamento desta Corporación.

Visto o informe de Intervención Ref.: 2021/1851 do día 22.11.2021 emitido en contestación á Providencia da Alcaldía do día 18.11.2021.

Considerando o disposto nos artigos 182 do TRLFL, 47 e 48 do Real Decreto 500/1990 así como o artigo 127 da LBRL, as Bases de execución do mencionado Orzamento, e o informe de Intervención.

Considerando que o financiamento de dita modificación vén determinado pola existencia de recursos financeiros suficientes derivados do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da liquidación do orzamento do exercicio 2020.

### Veño a resolver:

Aprobar o presente expediente de modificación de créditos mediante a súa modalidade de incorporación de remanentes de crédito **por importe de 17.840,24 euros**, coa finalidade de dar cobertura ás obrigas que se desprenden da contratación da **SUBMINISTRACIÓN DE COCIÑA PARA A PRAZA DE ABASTOS**, financiado con Remanente de Tesourería Líquido (RTGX), emitindo os informes necesarios na súa tramitación que se realiza en base ós seguintes criterios:

**Importe: 17.840,24 euros (ARC Ref.: 110849/2020 e ARC Ref.: 110850/2020)**

**Aplicación orzamentaria: 43120.63200**

**Código de Proxecto 20XX00025**

### Financiamento:

☒ **Remanente de Tesourería para Gastos Xerais**

Sendo o expediente que a aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na contabilidade dá Corporación os axustes derivados de dito expediente.

Cúmprase.